

Procedemento: Convocatoria 2025 de subvencións á creación escénica.

Asunto: Resolución de nomeamento da comisión de valoración

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1 Con data 17 de decembro de 2024, o Diario Oficial de Galicia, nº 242, publicou a Resolución do 18 de novembro de 2024 pola que se aproban as bases, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións á creación escénica e se convocan para o ano 2025 (Código de procedemento CT403B).

2 O artigo 15 desta convocatoria recolle que para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase unha Comisión de Valoración, nomeada pola dirección da Agadic, que será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nas presentes bases.

Para a composición da Comisión de Valoración terase en conta o establecido no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso. Os membros da comisión declararán por escrito non ter relación coas persoas solicitantes ou, se é o caso, cos partícipes das persoas xurídicas solicitantes. Así mesmo, absteranse se concorren algunha das circunstancias descritas do artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 2 do Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, correspóndelle á dirección, como órgano executivo da axencia, a súa dirección e xestión ordinaria.

2. No artigo 21 dos devanditos Estatutos, establécese que a Dirección ten entre as súas atribucións "instruír os procedementos sancionadores e os procedementos de concesión de axudas e subvencións".

En base ao exposto

RESOLVO:

Nomear a comisión de valoración deste procedemento de subvencións, que segundo o artigo 15 terá a seguinte composición:



-Presidenta:

En calidade de persoa experta con coñecementos e cualificación profesional acorde co obxecto da axuda:

María José Vázquez Bermúdez

-Vogais:

En calidade de persoas expertas con coñecementos e cualificación profesional acorde co obxecto da axuda:

Iván Fernández Diéguez

Juan Rodríguez Santiago

En calidade de profesionais pertencentes ao cadro de persoal da Agadic:

María Paredes Rodríguez,

Marcelina Calvo Domínguez

-Secretario:

En calidade de persoa do cadro de persoal da Agadic, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario da comisión:

José Javier López Crende

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

